

1. Realiza o comentario do seguinte documento.



 SOMOSMAR

## Galicia plantea al Gobierno pedir a la UE que adelante cupo de sardina del 2025

SOMOS MAR  
REDACCIÓN / LA VOZ

Lo que está ocurriendo con la sardina —[especie que el cerco gallego agotó en agosto y que desde entonces solo ha podido seguir pescando a golpe de talonario](#), comprando cupo en el golfo de Cádiz— ha llevado al conselleiro de Mar, [Alfonso Villares](#), a enviar una carta a la secretaria general de Pesca, Isabel Artime, para sugerirle una posible salida a esa falta de posibilidades de pesca. Una carencia que el miércoles se agravó después de que la asociación mayoritaria del cerco, Acerga, acabase todas las toneladas que habían comprado en Andalucía, quedando de golpe sin cupo 107 de los 146 cerqueros que hay en Galicia.

**Leer más: [La bajura estalla: «Basta xa! A flota galega vai desaparecer»](#)**

Lo que la Xunta plantea a Madrid para resolver la crisis que pone contra las cuerdas a los barcos de cerco, pero también a la flota de racú y piobardeira, es elevar una petición a la [Comisión Europea](#) para que adelante un 5 % de la cuota prevista para el 2025 y así poder consumirla este mes de septiembre y en octubre. Y, de paso, sugiere Villares, podría realizar una solicitud similar [para cubrir la falta de cupo de bocarte en el caladero del Cantábrico Noroeste](#). Adelantar a este mes un 5 % o porcentaje similar de las posibilidades del 2025 para que la flota cerquera pueda aprovechar «de forma conveniente» los bancos que están apareciendo por la costa gallega.

Pero no es solo la flota cerquera la que se está viendo en apuros por la escasez de cuota. Las artes menores sudan la gota gorda solo con pensar en cómo hacer para llegar a noviembre y diciembre con cupo de abadejo. Una misión que ahora mismo se les antoja imposible, porque disponía de 70 toneladas para el presente año —igual que para el que viene—, pero nada más empezar hubo que descontar la que se había pescado de más en el 2023. Total, que se quedaron con 55 toneladas para todo el año. [Y a estas alturas, para todo el Cantábrico hay menos de 6.000 kilos](#).

Condición especial

La Xunta, como ya había hecho en ocasiones anteriores, lo que sugiere es que se haga uso de la condición especial que permite traspasar a un caladero las posibilidades de otro en función de los consumos. Así, se trasvasaría a la zona 8c —de [Fisterra](#) al Bidasoa— la cuota que no se ha consumido

en la 9a —de Fisterra al golfo de Cádiz— e, incluso, de la 8b —golfo de [Vizcaya](#) y aguas francesas—. Por cierto que en la posdata de esa petición, Artime podría pedir la extensión de esas medidas al 2025, para que así se puedan aplicar ya a partir del 1 de enero. Y en la posposdata, que esas medidas de extensión de cuota se amplíen en el caso de la raya y de la raya mosaico.

Otra preocupación que afecta a la flota de arrastre, enmalle y palangre gallega —también a las almadrabas— es que, desde el pasado día 31, [no están permitidas las capturas accidentales de pez espada al norte del paralelo 5 del océano Atlántico](#), con lo que, explica el conselleiro de Mar, se deja a los barcos en una situación de captura cero, lo que constituye un serio problema. Además, para esas embarcaciones, para las que se reserva un 2 % de la cuota para cubrir sus capturas accesorias, tienen limitado el cupo a un pez por marea. Se trata de una limitación lineal que no tiene en cuenta la duración de la campaña, por lo que se permite descargar lo mismo a un barco que hace una marea de 15 días que a otro que pasa dos en el mar. La propuesta con sello gallego es que se gradúen las posibilidades según la duración de la campaña y se asignen tres a los que pasan más jornadas seguidas en el mar.

Trátase dun artigo publicado pola *Voz de Galicia* A noticia describe unha situación crítica para a frota pesqueira galega, especialmente a do cerco, pola falta de cota de especies clave como a sardiña ou o bocarte. Este problema non é puntual, senón que se insire nun contexto máis amplo: a crise estrutural do sector pesqueiro en España e as limitacións derivadas da Política Pesqueira Común (PPC) da Unión Europea.

Aínda que a pesca representa unha pequena porcentaxe do PIB e do emprego, ten unha gran importancia económica indirecta, especialmente en Galicia, unha das principais rexións pesqueiras. Xera actividades asociadas como conserveiras, estaleiros ou comercialización, e contribúe á identidade das zonas costeiras. Ademais, España é unha potencia pesqueira mundial e un dos países con maior consumo de peixe, o que explica que exista incluso unha balanza comercial deficitaria e a necesidade de importar.

O esgotamento da cota de sardiña xa en agosto evidencia o principal problema do sector: a **insuficiencia dos caladoiros e das cotas para abastecer a demanda**. A maioría da frota (96%) faena en caladoiros nacionais e é de baixura, con barcos pequenos e antigos, moi dependentes destes recursos limitados. Isto obriga a mercar cotas noutras zonas, aumentando os custos e reducindo a rendibilidade, e pode deixar a moitos barcos sen actividade.

Este é un máis dos **problemas estruturais da frota**: reduciuse moito o número de buques nas últimas décadas, pero segue existindo un exceso de capacidade respecto ás posibilidades de pesca. Ademais, trátase dun sector con **poboación envellecida, pouca formación e escasa substitución xeracional**, o que dificulta a continuidade da actividade e mesmo provoca falta de tripulacións.

A proposta da Xunta de adiantar un 5 % da cota do ano seguinte é unha medida conxuntural que intenta paliar a crise inmediata. Porén, amosa a forte dependencia da PPC, que fixa os Totais Admisibles de Capturas (TACs) e reparte cotas entre países. Esta política busca garantir unha pesca sustentable e evitar a sobreexplotación, pero tamén limita a actividade e xera conflitos económicos.

Outros problemas mencionados na noticia, como a redución da cota de abadejo por sobrepesca anterior ou as restricións nas capturas accidentais de peixe espada, reflicten claramente os **problemas**

**ambientais e de xestión:** sobreexplotación dos recursos, necesidade de cotas, paros biolóxicos e regulacións estritas.

Tamén se observa a importancia dos **caladoiros internacionais e comunitarios**, xa que os nacionais non son suficientes. Porén, estes están sometidos a restricións (ZEE, acordos internacionais) e España depende das negociacións da UE, que non sempre son favorables.

En relación coa situación actual do sector pesqueiro en España, a noticia exemplifica o problema dos caladoiros (escasos, sobreexplotados e regulados), a dependencia da PPC e das decisións da UE, os problemas económicos (exceso de capacidade, custos elevados e baixa rendibilidade) ou os problemas ambientais (necesidade de limitar capturas para garantir a sustentabilidade).

En conclusión, o texto reflicte claramente a situación do sector pesqueiro español: unha actividade con gran tradición e importancia territorial, pero sometida a unha forte crise estrutural. A solución pasa por equilibrar a sustentabilidade dos recursos coa viabilidade económica, continuar coa modernización do sector e fomentar a diversificación das actividades nas zonas costeiras.

## 2. Realiza o comentario da seguinte paisaxe agraria



Trátase dunha imaxe que amosa una paisaxe agraria. As paisaxes agrarias son a morfoloxía do aspecto agrario, resultado da transformación do medio natural polo espazo habitado e as actividades agrarias. Inclúen o espazo habitado (poboamento e hábitat rural) e o espazo traballado (parcelas, aproveitamentos).

España presenta diversidade de paisaxes agrarias. Neste caso, o relevo accidentado e nevado ao fondo da imaxe indícanos unha paisaxe de montaña. Isto, xunto coa característica vexetación oceánica que se observa (moi verde, con abundantes prados e formacións boscosas densas de árbores de folla caduca) permítenos identificar unha paisaxe propia da montaña oceánica.

Este tipo de paisaxes as atopamos nas montañas (por enriba dos 1.000 metros de altitude) do norte peninsular, cun relevo abrupto e clima frío con moitas precipitacións. Nas montañas oceánicas, a diferenza das mediterráneas onde o clima é máis seco, a vexetación é verde e densa (bosques caducifolios como carballos e faias), con abundancia de prados naturais, usados para a gandería. Os ríos son caudalosos e regulares.

Nas áreas montañosas o poboamento era tradicionalmente disperso absoluto, pero hoxe tende a concentrarse nos vales, aínda que a poboación é escasa. As explotacións son contrastadas, coexistindo pequenas explotacións privadas con outras comunitarias ou municipais, para aproveitamento gandeiro ou forestal.

En canto aos usos agrarios, a agricultura practícase nos vales con cultivos hortícolas para o autoconsumo. A gandería é extensiva e bovina. Esta vese favorecida pola abundancia de pastos naturais. A explotación forestal ten moita importancia para leña e madeira, con especies como o eucalipto, o castiñeiro ou o piñeiro.